

# Tema 10



Alfonso XIII e a crise da  
Restauración 1902-1931

# **III. A DITADURA DE PRIMO DE RIVERA E A CAÍDA DA MONARQUÍA (1923- 1931).**

## **1. Causas do golpe de Estado.**

Desde a primavera de 1923 dous grupos de militares estaban conspirando contra o Goberno: un en Madrid de carácter *africanista* e outro en Barcelona. Os dous buscaban acabar co goberno liberal.

Miguel Primo de Rivera, capitán xeneral de Cataluña, entrou en relación co grupo de Madrid e puxo en contacto aos dous.

## 2. As causas do golpe de Estado.

Primo de Rivera deu o golpe de Estado en Barcelona, o 13 de setembro de 1923.


Non había rumores nin indicios os días anteriores.

Ante os acontecementos o Goberno vacilou, acudiu ao Rei para que tomara cartas no asunto.

Alfonso XIII deixa pasar as horas e, transcorridos os primeiros momentos, apoia abertamente ao xeneral sublevado, encargándolle a formación dun goberno.

España deixa de ser unha monarquía parlamentaria e se converte nun réxime autoritario. O réxime de Cánovas desapareceu.

Primo de Rivera non pretendeu, ao principio, establecer un réxime definitivo, e seu obxectivo era establecer unha *paréntese de curación* transitoria



Miguel Primo de Rivera.

## **Manifiesto del golpe de Estado de Primo de Rivera (13 de septiembre de 1923).**

“Al país y al ejército españoles: Ha llegado para nosotros el momento más temido que esperado (porque hubiéramos querido vivir siempre en la legalidad y que ella rigiera sin interrupción la vida española) de recoger las ansias, de atender el clamoroso requerimiento de cuantos amando la Patria no ven para ella otra salvación que libertarla de los profesionales de la política, de los hombres que por una u otra razón nos ofrecen el cuadro de desdichas e inmoralidades que empezaron el año 98 y amenazan a España con un próximo fin trágico y deshonroso. La tupida red de la política de concupiscencias ha cogido en sus mallas, secuestrándola, hasta la voluntad real, (...)

Pues bien, ahora vamos a recabar todas las responsabilidades y a gobernar nosotros y hombres civiles que representen nuestra moral y doctrina. Basta ya de rebeldías mansas, que sin poner remedio a nada, dañan tanto y más a la disciplina que ésta recia y viril que nos lanzamos por España y por el Rey (...)

No tenemos que justificar nuestro acto, que el pueblo sano demanda e impone. Asesinatos de prelados, ex gobernadores, agentes de la autoridad, patronos, capataces y obreros; audaces e impunes atracos; depreciación de la moneda; francachela de millones de gastos reservados; sospechosa política arancelaria por la tendencia, y más porque quien la maneja hace alarde de descocada inmoralidad; rastreras intrigas políticas tomando como pretexto la tragedia de Marruecos; incertidumbres ante este gravísimo problema nacional, indisciplina social, que hace el trabajo ineficaz y nulo, precaria y ruinosa la producción agrícola e industrial; impune propaganda comunista; impiedad e incultura; justicia influida por la política; descarada propaganda separatista, pasiones tendenciosas alrededor del problema de las responsabilidades y... por último, seamos justos, un solo tanto a favor del Gobierno, de cuya savia vive hace nueve meses, merced a la inagotable bondad del pueblo español, una débil e incompleta persecución al vicio del juego.

(...) En virtud de la confianza y mandato que en mí han depositado, se constituirá en Madrid un directorio inspector militar, con carácter provisional encargado de mantener el orden público y asegurar el funcionamiento normal de los ministerios y organismos oficiales, requiriendo al país para que en breve plazo nos ofrezca hombres rectos, sabios, laboriosos y probos que puedan constituir ministerio a nuestro amparo, pero en plena dignidad y facultad, para ofrecerlos al Rey por si se digna aceptarlos (...)

Y ahora nuevamente ¡Viva España y viva el Rey!.y recibid todos el cordial saludo de un viejo soldado que os pide disciplina y unión fraternal en nombre de los días que compartió con vosotros la vida militar en paz y en guerra y que pide al pueblo español confianza y orden, en nombre de los desvelos a sus prosperidad dedicados, especialmente de éste en que lo ofrece y lo aventura todo por servirle.

Miguel Primo de Rivera. Capitán General de la Cuarta Región.  
(Barcelona, 13 de Septiembre de 1923).

### 3. Os apoios sociais.

A implantación do Directorio Militar (gobierno de Primo de Rivera) foi aceptada por gran parte do país que cría na rexeneración dun sistema político viciado.

A burguesía apoiou o golpe, sobre todo a catalá, aparcando, de momento as súas reivindicacións nacionalistas. A paz e a orde eran imprescindibles para os negócios. Con elo cría frear os obreiros e acabar co sistema de quenda de partidos.

Os grupos obreiros presentaron dúas actitudes: de oposición frontal por parte dos anarquistas e comunistas, e de colaboración por parte do PSOE e a UGT.

A Ditadura está relacionada coa aparición de movementos totalitarios en Europa.

## 4. O Directorio Militar.

É un goberno integrado por militares e presidido por Primo de Rivera. Dura entre setembro de 1923 e decembro de 1925.

Este goberno reúne todas as facultades lexislativas e executivas. Toda a Administración quedou en mans do Exército.

Lévanse a cabo as seguintes medidas para arrasar cos partidos tradicionais:

- Suspensión das garantías constitucionais e da Constitución .
- Disolución das Cortes.
- Destitución dos gobernadores civís das provincias.
- Concellos e Deputacións foron intervidos.
- Firmouse un Decreto de Incompatibilidades para que os antigos políticos non puidesen participar en compañías que contrataban co Goberno.

## a) A creación da Unión Patriótica (U.P.) e o seu papel.

Dúas estruturas novas toman os municipios como pezas claves nun intento por rexenerar a vida política: o Estatuto Municipal de 1924 e a creación da figura dos delegados gobernativos. Aumenta o control sobre os concellos. A creación da UP aumentaría ese control.

Era a única organización política permitida, quería con ela aglutinar as masas na tarefa de rexenerar o país.

Servía tamén de correa de transmisión das ideas populistas e autoritarias do ditador.

Os membros do Directorio e os gobernadores civís non tiñan por que pertencer a ela, pero si os dirixentes e líderes municipais.

Entraron nesta organización todo un catálogo de xentes: desde carlistas, conservadores mauristas, terratenentes ata burgueses industriais e católicos.

O seu intento de crear unha nova clase política foi un fracaso.

## b) A solución do problema marroquí: o desembarco de Alhucemas de 1925.

Foi o éxito máis notable da Ditadura.

Con respecto a Marrocos, el pasou de ser un xeneral *abandonista* e logo *semiabandonista* a ser un convencido partidario da intervención a raíz de varios ataques rifeños en 1924.

Contaba co apoio do xeneral Sanjurjo e do xefe da Lexión: Franco.

Foi preparado un exército potente e modernizado, que, unido ao exército francés, desembarcou na baía de Alhucemas en setembro de 1925.

Foi a primeira operación conxunta da historia que reuniu a tropas de terra, mar e aire.

Tras duras batallas Abd-el-Krim entregouse aos franceses. España consolidou a súa ocupación de Marrocos e logrou a pacificación.

Contou co respaldo e a admiración de todos os españois por ter solucionado un grave problema.



## Desembarco de Alhucemas.

1926



## 4. O Directorio Civil (1925-1930).

En decembro de 1925 se constituíu o Directorio Civil, integrado por novos políticos e algún militar.

A pesar diso o Goberno seguiu lexislando por decreto e coa constitución en suspenso.

Nun primeiro momento a situación económica era favorable grazas á concordia internacional favorable (Felices Anos Vinte) ata 1929.

O Réxime non aportou modelos novos pero fomentou o desenvolvemento agrario, potenciou a industria e incrementou o comercio exterior. É de destacar as obras de infraestruturas e a creación de monopolios estatais (Telefónica, CAMPSA...)

Hasta 1928 contou co apoio socialista para crear unha estrutura corporativa seguindo o modelo italiano (patróns e obreiros na mesma organización).

Introduciu o imposto sobre a renda por primeira vez en España.

## 5. A oposición á Dictadura.

Primo de Rivera resolveu o problema de Marrocos, as loitas sociais estaban calmadas pola bonanza económica, pero non solucionou o problema nacionalista e buscoulle a confrontación con quen lle tiña apoiado:

- Persigue a lingua catalá.
- Intervén na Xunta do Colexio de Avogados de Barcelona para que editen a súa guía en castelán
- Prohibe a utilización do catalán nos actos litúrxicos, enfrentándose así aos eclesiásticos.

O PSOE, á altura de 1928 vai abandonar o ditador, uníndose aos comunistas e á CNT.

As dúas forzas que máis contribuíron á caída da ditadura foron os **intelectuais** (Unamuno, Ortega e Gasset...) e **estudantes**; e os propios **militares** peninsulares que se sentían agraviados con respecto aos seus compañeiros de Marrocos.

O 30 de xaneiro de 1930, falto de apoios, Primo de Rivera presenta a dimisión a Alfonso XIII.

## 6. O Pacto de San Sebastián e a caída da Monarquía.

En agosto de 1930 se reuniron en San Sebastián tres forzas para tratar un cambio cara a República: socialistas, republicanos históricos e monárquicos pouco convencidos. Máis tarde se unirían os nacionalistas cataláns.

Deste pacto sairían dúas liñas de actuación complementarias:

- A revolucionaria que levou a un pronunciamento fracasado en Jaca.
- A política que cunha gran campaña de prensa e mitins lograron arruinar o prestixio da Monarquía.

Como consecuencia do Pacto se creou un comité revolucionario integrado por personalidades como: Alcalá Zamora, Miguel Maura, Marcelino Domingo, Indalecio Prieto, Manuel Azaña...

Un manifesto deste comité en decembro chamaba abertamente a derribar a Monarquía. É de destacar o labor de Ortega e Gasset cos seus artigos antimonárquicos: *Delenda est Monarchia!*.

Trala dimisión de Primo de Rivera Alfonso XIII encarga ao xeneral Berenguer a formación dun goberno que prepare o paso cara á vida parlamentaria como si nada tivera pasado. Era a *Ditablanda*.

Berenguer dimite o 14 de febreiro de 1931 e se encarga de continuar o proxecto o almirante Aznar.

O paso á vida parlamentaria se previa como un retorno escalado, primeiro se realizarían unhas eleccións municipais e máis tarde unhas lexislativas.

As eleccións municipais se convocan para o 12 de abril de 1931.

Os partidos do Pacto de San Sebastián presentan o sufraxio como un referendo entre Monarquía e República.

Unha vez realizada a consulta gañan os monárquicos máis concelleiros cos republicanos, pero os republicanos gañan nas grandes cidades.

Ante a tensión na rúa Alfonso XIII abandona o país, o día 14 se proclama a República.



**Xeneral Berenguer (esquerda) e Almirante Aznar (dereita).**